

1º Líder



DAVID GUITIÁN

BALÓN DE OURO 2019

O extremo do Club Deportivo Lugo coroouse como mellor xogador do fútbol base lucense da tempada na Gala dos Premios Líder. Miguel Fernández, concelleiro de Deportes, foi o encargado de entregarlle a máxima distinción ante todos os presentes, que volveron abarrotar o Auditorio Gustavo Freire de Lugo

Este equipo ideal gardaba o segredo do balón de ouro

DAVID GUITIÁN, DO CD LUGO, foi o mellor do equipo formado por xogadores de Liga Nacional e División de Honra antes de ser no gran protagonista da noite

No equipo de Xuvenil División de Honra e Liga Nacional estaba unha vez máis a clave da gala dos Premios Líder. O once ideal das dúas máximas categorías do fútbol base gardaba o segredo mellor gardado da noite: o nome do Balón de Ouro.

Ninguén o sabía cando subiron ao escenario os elixidos: Martín, Porto, Dani Vidal, Álex Ramos, Xabi Becerra, Yago e David Guitián, do CD Lugo, e Clemente, Noel, Anxo e Moreda do Rácing Villalbés.

Cholas, técnico do equipo chairego, foi nomeado mellor adestrador das categorías. Jesús López completou o elenco de galardoados ao ser recoñecido como mellor árbitro das ligas superiores xuvenís.

Os premiados recibiron os galardóns de mans de Carlos Méndez, vicepresidente da Federación Galega de Fútbol e delegado en Lugo, e Marcos González, xogador e capitán do Lugo B de Terceira División e Balón de Ouro na temporada 2011/2012, cando militaba no Lugo cadete de División de Honra, un espello en que mirarse para todos os futbolistas da canteira lucense.

Os once formaron para a foto de familia intres antes de coñecerse o mellor xogador da categoría. O premio recaeu no albivermello David

2

BALÓNS DE OURO

sobre o escenario: David Guitián, que recibiu o premio nesta temporada, coincidiu no once ideal de Xuvenil de Honra e Nacional con Dani Vidal, que recibiu o galardón na temporada 2017/2018. O capitán albivermello despediuse así do fútbol base lucense. A vindeira temporada será sénior

Guitián, que redondeou unha gran temporada alternando a presenza no equipo da categoría Nacional e no conxunto de División de Honra.

O dianteiro agradeceu o galardón, que o situaba entre os dez candidatos a mellor xogador da temporada, cando os elixidos nas outras categorías.

Guitián agradecía o premio sen saber que a noite lle deparaba unha sorpresa maior. Foi a antecámara do Balón de Ouro e o momento da despedida do fútbol lucense de Dani Vidal, que recibiu o máximo galardón a temporada pasada. O capitán albivermello, unha vez máis entre os mellores, dixo adeus ao fútbol base tras ser premiado ata en sete edicións da Gala dos Premios Líder. Sen embargo, as emocións máis grandes aínda estaban por chegar e o relevo do Balón de Ouro xa estaba en marcha desde ese momento no Auditorio Gustavo Freire.



David Guitián, elixido mellor xogador da categoría, posa co galardón xunto a Marcos Glez



Marcos González e Carlos Méndez posan cos mellores xogadores, adestrador e árbitro



Terio Carrera entrevistando a David Guitián



Jesús López, mellor árbitro Nacional e División Hora xuvenil



Clemente, mellor porteiro



Martín con Carlos Méndez



Noel con Marcos González



Porto con Carlos Méndez



Alex Ramos con Marcos



Dani Vidal con Carlos M.



Anxo con Marcos Glez



Xabi Becerra do CD Lugo B



Yago Fernández do Lugo B



Guitián con Marcos Glez



Cholas, adestrador do Villalbés, recibe o premio de Marcos



O equipo ideal de Xuvenil de Liga Galega estivo formado por xogadores de Viveiro, Calasancio e Residencia.

Rubén Castro honra a todos os porteiros do fútbol base

O GARDAMETA DO VIVEIRO CF foi elixido mellor xogador e o club celeste recordou a Marcos Gómez sobre o escenario

O porteiro do Viveiro CF, Rubén Castro, recibiu o premio de mellor xogador da Liga Galega Xuvenil. O gardameta, formado no Burela, xogou a súa primeira temporada completa nunha categoría superior, cumprindo as expectativas que se tiñan creadas.

Bo cos pes e no xogo aéreo e poderoso no saque, o meta foi o seguro atrás dun equipo de gran vocación ofensiva, que superou a media de dous goles por partido e que rematou a temporada na quinta posición.

O conxunto celeste foi o que máis xogadores achegou ao once ideal da categoría. A Rubén Castro sumáronse os defensas Xoel Eijo e Iván, o centrocampista Juan e o dianteiro Jairo.

O conxunto ideal completárono García, Begonte, Pablo de la Iglesia e Veloso da Residencia; e Sergi e Fagin, xogadores do Calasancio.

O técnico celeste, Antonio Serrano, que está a piques de desembarcar en categoría galega co equipo infantil, foi elixido mellor adestrador da Liga

Galega Xuvenil.

O premio ao mellor colexiado foi para David Pereira, que este ano se estreou tamén como adestrador de fútbol oito co equipo benxamin do Piringalla.

Cada un dos galardoados recibiron un poster personalizado de mans do concelleiro de Deportes de Lugo, Miguel Fernández, e do xogador formado no Villalbés Diego Villares. Balón de Ouro na temporada 2014/2015.

Ao remate da entrega os xogadores e adestrador do Viveiro CF tive-

ron unha charla sobre o escenario, recordando a memoria do seu compañeiro Marcos Gómez.

“Non é moi usual que un porteiro gañe este tipo de premios, polo que foi unha sorpresa moi grata, para min é a guinda a unha gran temporada. Dedicollo á miña nai e ao meu pai, que por desgracia xa non está aquí e estou seguro de que se alegraría moito. El foi quen me animou a facer deporte e quen me ensinou moito do que sei ata agora. Onde estea, seguro que me está apoiando como sempre o facía”

RUBÉN CASTRO Viveiro CF



Rubén Castro, mellor xogador xuvenil Liga Galega



David Pereira con Villares



Serrano xunto a Miguel F.



Xoel Eijo e Diego Villares



García e o xogador chairrego



Begonte e Miguel Fdez



O celeste Juan e Villares



Pablo de la Iglesia, da Resi



Sergi e Diego Villares



O monfortino Jorge Fagin



Jairo e Miguel Fernández



Jorge Veloso, da Resi



Terio Carrera e os compoñentes do Viveiro recordando a Marcos Gómez no escenario



Os once xogadores premiados na categoría xuvenil provincial posaron cos seus galardóns xunto ao canceirán lucense Keko Vilariño e ao deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón

O Villalbés B acaprou os premios xuvenil provincial

MARCO DÍAZ foi elixido mellor xogador no primeiro ano no que saíu premiado nun equipo ideal da tempada. Keko Vilariño e Pablo Rivera entregaron os premios da categoría

O xogador do Rácing Villalbés B, Marco Díaz, foi elixido mellor xogador da categoría xuvenil provincial. O chairego, que chegou ao club verdivermello ao inicio da temporada, encaixou ao cen por cen no vestiario e no esquema de Iván Lamas, converténdose nun dos artífices do ascenso á Liga Galega xuvenil.

O centrocampista liderou un once ideal que completaron os seus compañeiros de equipo Óscar e Ángel; Fran, Neira e Anxo, da Milagrosa; Speedy, do Polvorín; Fabián e Abella, da Sarriana; Víctor Pérez, do Foz, e Mángel, do Castro.

Brais Prados, técnico do equipo chairego e segundo adestrador do equipo sénior, recibiu o premio de mellor

“Estiven nominado algúns anos, pero esta é a primeira vez que son elixido para un once ideal así que foi un sorpresa total, encantoume a gala. Nada disto sería posible sen os meus compañeiros de equipo, que me acolleron como se fose un máis dende o primeiro día, aos adestradores e aos meus pais, que fan un gran esforzo por levarme todos os días a adestrar”

MARCO DÍAZ Rácing Villalbés B

técnico da categoría tras protagonizar un fito para o club chairego, que por primeira vez xogou unha fase de ascenso á categoría galega tras quedar terceiro no campionato provincial.

Jorge Carballido foi recoñecido como mellor árbitro da Liga sendo ademais o colexiado que máis votos recibiu en todas as categorías.



Brais Prados xunto a Keko



Óscar e Pablo Rivera



Terio Carrera entrevista ao premiado Marco Díaz



Fran, xogador da Milagrosa



O chairego Ángel



Mángel con Keko Vilariño



Fabián, da Sarriana



Speedy, do Polvorín



Iago Neira e Keko



Víctor Pérez, do Foz



Anxo e Keko Vilariño



Abella xunto a Pablo Rivera



O Villalbés B recibiu un recoñecemento especial tras lograr o ascenso á Liga Galega

Gabriel Blanco rubricou a súa gran tempada co MVP cadete

O DIANTEIRO DE XERMADE foi o referente na Liga Galega cadete e determinante no ascenso á Liga Galega xuvenil. Keko Vilariño e Paco Ruiz foron os encargados de entregar os premios



Keko e Ruiz posan co once ideal das ligas superiores cadete, o adestrador Martin Murado e o árbitro David Jiménez

“Sabía que fixera unha boa temporada e que tiña opcións de ser elixido, pero tamén era consciente de que o resto dos xogadores do once son moi bos. A Gala foi un espectáculo, é un gusto que reconezan o teu esforzo e traballo de todo un ano. Dedicolles o premio aos compañeiros e adestradores e a meus pais” **GABRIEL BLANCO** Rácing Vilalbés



Ruiz, presidente do Villalbés, entregoulle o premio a Gabri

O dianteiro do Rácing Villalbés, Gabriel Blanco, destacou como mellor xogador das ligas superiores cadete. O xogador de Xermade consolidouse no equipo de División de Honra e Liga Galega, con 18 goles, e gañouse o seu sitio en Xuvenil Galega de cara á vindeira temporada ao ser un dos futbolistas determinantes no último treito da temporada para o equipo, que logrou o ascenso de categoría. O dianteiro gañouse a titularidade no conxunto de Iván Lamas, co que anotou sete goles decisivos para dalo salto de categoría.

Gabriel Blanco abandonou un once ideal con outros dous xogadores racinguistas, os defensas Dani e Cadra, tres do Viveiro, Egoitz, Trasi e Luis, columna vertebral do equipo celeste; catro do Lugo, Iago Fernández, Samu, Rosón e Pérez; e Miguel, da Milagrosa, un equipo que asinou a permanencia na última xornada.

Martin Murado, que este ano volveu á base do club albivermello, no que destacou como xogador e coma adestrador en pasadas etapas, fíxose co

premio de mellor adestrador de División de Honra e Cadete galega, mentres que o mariño David Jiménez foi elixido mellor árbitro.

Keko Vilariño e o presidente do Rácing Villalbés, Francisco Ruiz, foron os encargados de entregar os premios nesta categoría.

O premio de mellor xogador de Gabriel Blanco foi contra pronóstico, xa que a gran tempada realizada polo CD Lugo na máxima categoría facía pensar nun MVP deste

equipo. Iago Fernández, Samu, Rosón ou Pérez representaron ao mellor equipo de base desta tempada na Gala dos Premios Lider.

25

GOLES

Gabri Blanco asinou vintecinco dianas ao longo da temporada. Dezaíto co equipo de División de Honra cadete e sete co equipo de xuvenil provincia, no que destacou nos partidos decisivos da temporada



Terio Carrera conversando co albivermello David Rosón



Martin Murado xunto a Ruiz



Cadra e Paco Ruiz



samu con Keko Vilariño



O albivermello Pérez



O porteiro celeste Egoitz



Dani, do Rácing Villalbés



Rosón xunto a Paco Ruiz



Gabri, MVP da categoría



Keko Vilariño e Iago Fdez



Xoel Trasi, do Viveiro



Miguel, da Milagrosa



O celeste Luis e Keko



Paco Ruiz, presidente do Villalbés, e Marcos González, do Lugo B, flanquean o once ideal da categoría cadete provincial acompañados por Caballero e polo colexiado David Rodríguez

Yoel abandeirou o once cadete

O CAPITÁN BRANQUIAZUL recibiu o premio ao mellor xogador da liga provincial liderando un equipo con compoñentes de seis equipos. O Polvorín foi recoñecido como campión lucense

O capitán da Residencia cadete, Yoel Mouriz, recibiu o premio como mellor xogador da categoría. O branquiazul leva o brazalete desde que comezou no club no conxunto benxamin. Unha historia de amor ás cores que se destacou durante a entrega do galardón, que recibiu de mans de Marcos González.

O centrocampista foi a bruxula do equipo da Cheda, subcampión provincial, despois de liderar a liga durante boa parte da temporada, e xogou a fase de ascenso a Liga Galega cadete por segunda temporada consecutiva.

O once ideal completárono Rubén Seijas, Martín Bena e Adrián Cancio, tamén da Residencia; Iñaki, Iván Moreda e Anto-

nio del Viso, do Ribadeo, terceiro clasificado da liga; Martín Regueira, do Monterroso, unha das revelacións da competición; Carlos Couceiro, do Foz; o goleador do Burela SD, Dani Jiménez; e o dianteiro do Polvorín, Dhomi.

O equipo amarelo recibiu un recoñecemento colectivo tras conquistar o campionato provincial nun vertixinoso final de liga no que asaltou a primeira praza na penúltima xornada da competición.

O seu técnico, Francisco Caballero, foi elixido mellor adestrador da categoría.

O galardón a mellor labor arbitral levouna o colexiado David Rodríguez, un dos que máis temporadas suma na delegación lucense.



Yoel Mouriz posa co seu premio xunto a Marcos González



Caballero xunto a Ruiz



O árbitro David Rguez.



Iñaki, porteiro do Ribadeo

“Non esperaba saír premiado, os compañeiros votados e os que quedaron fóra eran moi bos. Foi unha sorpresa quedar como mellor cadete de liga local. A Gala estivo moi entretida e emocionante, sobre todo no momento da elección do Balón de Ouro” YOEL MOURIZ Residencia



Rubén, da Residencia



O branquiazul Cancio



Martín Bena e Paco Ruiz



Dhomi, do Polvorín



Carlos Couceiro, do CD Foz



Dani Jiménez, do Burela



Os xogadores do Polvorín recibiron o seu recoñecemento coma campións provinciais

O mellor alevín converteuse no mellor infantil de Galega

O CENTRAL DO LUGO, MANU BUIDE, foi recoñecido no último ano de fútbol 8 coma MVP da categoría e revalidou o trofeo dous anos máis tarde na máxima competición infantil

O central do CD Lugo, Manuel Buide, abandeirou o once ideal de infantil galega. Un equipo de estrelas con representantes dos catro conxuntos lucenses que competiron na máxima categoría infantil.

O defensa albivermello, que xa fora elixido mellor xogador na idade alevín, promete continuidade á saga iniciada por seu pai mítico xogador do club do Anxo Carro.

Ao conxunto ideal sumáronse Dani Blanco, Moha, Antón e Rosón, tamén do CD Lugo; Pablo e Leo, da Milagrosa; Hugo Pérez e Mael, da Residencia; e Cereijo e Carmen, do Calasancio, ela é a única xogadora lucense que compite nunha categoría superior e esta temporada se luciu tamén coa selección galega.

O premio ao mellor técnico da categoría Infantil galega foi Dani Galán, que

1

XOGADORA EN GALEGA

A centrocampista do Calasancio infantil, Carmen, foi elixida para o mellor once ideal da Liga Galega. A monfortina, convocada tamén pola selección galega, é a única xogadora lucense que compite nunha categoría superior

se estreou como adestrador do Lugo, onde se formou como xogador, firmando a mellor temporada dos equipos lucenses na categoría infantil.

O galardón á mellor labor arbitral foi para o xovencísimo Jorge Méndez, un dos colexiados con maior futuro da delegación provincial.

A entrega de premios rematou cunha sentida homenaxe ao xogador do Calasancio, Álex Blanco, que faleceu en xuño do ano pasado.



O once ideal de galega infantil canda o adestrador Dani Galán, o árbitro Jorge Méndez, Miguel Fernandez e Keko Vilariño

“Sempre teño a ilusión de saír premiado, pero é difícil, xa que hai moita competencia tanto no meu equipo como nos outros. Calquera dos xogadores do once ideal podería ser o mellor. A gala gústame desde sempre, este ano non foi menos: emotiva e divertida”

MANU BUIDE CD Lugo



O central do Lugo, Manu Buide, mellor xogador infantil



Carmen, única xogadora lucense nunha categoría superior



Terio Carrera lembrando a Álex Blanco durante a Gala



Galán e Miguel Fernández



Pablo, porteiro da Mila



Hugo Pérez xunto a Keko



Mael, da Residencia



O albivermello Dani Blanco



Cereijo, do Calasancio



Rosón xunto a Miguel Fdez



O colexiado Jorge Méndez



Moha, do CD Lugo



Antón e Keko Vilariño



Leo Díaz, da Milagrosa

premioslíder 2019
FÚTBOL BASE LUCENSE

GALERÍA DE IMAXES PREMIOS LÍDER



Terio Carrera falando con David Rodríguez, mellor árbitro cadete provincial | Adrián



Carmen, xogadora do Calasancio infantil de Liga Galega, fala con Terio | Adrián



O Auditorio Gustavo Freire volveuse quedar pequeno na Gala do Líder | Adrián



Xogadores de fútbol 8 do CD Lugo | Adrián



A plantilla do Polvorín cadete | Adrián



Os dez MVP's de cada unha das categorías subiron ao escenario xa que optaban ao premio do MVP



David Guitián posando cos seus pais tras recoller a máxima distinción da Gala



A Gala 2018/2019 acolleu no Auditorio Gustavo Freire a centos de persoas | Adrián



Entrada da xente ao recinto | Adrián



Jonathan Cabritillas, prebenxamin do Xove,

ER AO FÚTBOL BASE LUCENSE 2019

premioslíder 2019
fútbol base lucense

Balón de Ouro, que finalmente recadou en David Guitián, xogador do CD Lugo xuvenil



Gabri, Mateo e Guitián foron os tres finalistas



Guitián fala con Terio tras recibir o premio



Veloso, recibiu o Trofeo Jorge Tato



Un momento do vídeo homenaxe a Guitián



Os balóns de Ouro Diego Villares, Dani Vidal, Marcos González, David Guitián e Keko Vilariño



A selección provincial alevín feminina tamén tivo o seu momento na Gala



Durante o evento repartíronse máis dun cento de galardóns ao fútbol base lucense



foi o MVP da categoría | Adrián Vázquez



Miguel Fernández, Concelleiro de Deportes



Terio fala coa alevín Blanca | Adrián



Celebración dun dos premios | Adrián

Os Premios Líder foron a previa da festa polos ascensos

VIVEIRO E BURELA, a un paso de dar o salto de categoría, foron protagonistas da Gala. O celeste Adrián Díaz foi elixido mellor xogador. Os da Marosa, galardoados como campións

A tempada 2018/2019 será de grato recordo para Adrián Díaz. O ascenso a Liga Galega infantil é o soño do xogador celeste que, de momento, xa cumpriu outro desexo: o de ser premiado como mellor xogador infantil. O galardón chegoulle con precocidade, no seu primeiro ano na categoría, a súa calidade saltou á vista tamén do RC Deportivo, co que xogou algúns partidos amistosos.

O mediapunta, capitán do equipo, xa tiña experiencia na Gala, onde estivo como campión provincial de benxamíns. Daquel conxunto que sorprendera ao fútbol base benxamin tamén saltou ao once ideal o gardameta, Dopico. O conxunto ideal completouse con David Ferreiros e Migui, do Ribadeo; Gayoso e Fernando, do Burela; Noel, do Rácing Villalbés; Rubén, da Sarriana; André e Omar, do Lugo B; e a central do Becerreá, Candela.

O elenco de mellores xogadores da categoría infantil foi o máis eclé-

8

EQUIPOS NO ONCE IDEAL

O conxunto infantil provincial estivo integrado por xogadores de Viveiro, Rácing Villalbés, Burela, SD Ribadeo, Sarriana, Lugo B e Becerreá. A elección resultou das votacións emitidas polos adestradores e capitáns dos equipos que competiron nas ligas domésticas, coma no resto das categorías provinciais

tico dos onces provinciais, ao incluír xogadores de oito equipos.

Antón Méndez foi elixido mellor xogador da categoría tras clasificar ao Lugo B como quinto e gañar a Copa Deputación. O mellor árbitro da liga infantil provincial foi Losada Menacho.

O Burela SD recibiu un recoñecemento colectivo como equipo campión de Liga. Os de Javi Ruiz fixéronse co campionato tras un intenso pulso polas primeiras prazas con Viveiro, Rácing Villalbés e Ribadeo, e aínda teñen un reto pendente: o ascenso á Liga Galega infantil.



Keko Vilariño e Simón Lamas acompañando aos integrantes do once infantil, con Antón Méndez e Losada Menacho

“Para min xa é un premio estar no once ideal, pero será un recordo bonito ser o mellor xogador no primeiro ano como infantil e tendo moi bos futbolistas na Liga. Encantoume o cadro que me deron como premio. Da Gala, gustoume a intriga de ver quen gaña o premio ao mellor xogador o recordo a Marcos Gómez. Eu coñecía e emocioñei cando todos aplaudiron”

ADRIÁN DÍAZ Viveiro



Adrián Díaz recibiu o premio de mans de Simón Lamas



Candela, do Becerreá, recollendo o premio de Keko Vilariño



Antón Méndez e Simón



Dopico, porteiro do Viveiro



Noel con Keko Vilariño



O alibermello André



O celeste David Ferreiros



Miguel García, do Ribadeo



Fernando, da SD Burela



Gayoso con Simón Lamas



Rubén, xogador da Sarriana



Omar, do CD Lugo B



O Burela foi recoñecido como campión provincial e recibiu azos para lograr o Ascenso



Os xogadores do once ideal alevín, cos seus posters personalizados, posan xunto ao mellor adestrador, Yoni, o mellor árbitro, Jorge Estraviz, Simón Lamas e Carlos Méndez

Residencia, Lugo e Burela acapalaron os premios alevíns

MATEO MUÑOZ, que xa debutou na Liga Galega infantil esta tempada, foi elixido mellor xogador da categoría alevín

O medio centro ofensivo da Residencia, Mateo Muñoz, recibiu o premio ao mellor xogador alevín Provincial da tempada 2018/2019. O branquiazul, que rematou o curso dispoñendo de minutos na Liga Galega infantil, liderou un oito ideal formado por xogadores do club da Cheda, do CD Lugo e do Porto de Burela, os tres equipos que ocuparon o podio do campionato provincial.

Gabriel Díaz na por-

tería, David Fernández e Xavi Martínez, na defensa; Jose Rey, Borja Cortegaza e Aimar Gómez, na liña de medio campo, e o propio Mateo xunto a Adrián González, na dianteira, conformaron o conxunto ideal da categoría.

Os xogadores subiron ao escenario para recibir os posters personalizados que se entregaron como recoñecemento das mans do adestrador do Rácing Villalbés, Simón Lamas, e do vicepresidente da

Federación Galega, Carlos Méndez.

Canda eles foron premiados Yoni Iglesias, adestrador do CD Lugo, que logrou o seu segundo título provincial consecutivo á fronte do equipo albivermello, e o colexiado Jorge Estraviz, nomeado mellor da categoría no seu ano de debut

nos terreos de xogo.

O CD Lugo recibiu o recoñecemento como campión provincial, un título logrado tras un axustado pulso coa Residencia, coa que empatou a puntos no alto da clasificación pero á que superou no goleaVERAGE particular trala disputa dos dous encontros directos.

“Hai moi bos xogadores na Liga así que non contaba co premio aínda que, cando entras alí, sempre pensas que tes posibilidades de que cho dean a ti. Dedicollo a meu pai, a miña nai, a miña irmá, a Kaiser e Dani e por suposto a todos os meus compañeiros de equipo. O que máis me gustou da Gala foi o momento no que se entregou o Balón de Ouro”

MATEO MUÑOZ Residencia



O equipo alevín do CD Lugo, campión provincial



Gabriel con Simón Lamas



Jose con Carlos Méndez



Mateo recibindo o MVP alevín de mans de Carlos Méndez



David, do Lugo, co premio



Borja Cortegaza, do Burela



O branquiazul Mateo



Yoni, mellor adestrador



Xavi Martínez, da Resi



O albivermello Adrián



Aimar, e Carlos Méndez



O árbitro Jorge Estraviz

O pichichi Arón alzouse co premio ao mellor xogador

OS XOGADORES DO CD LUGO, CAMPIÓN PROVINCIAL, coparon catro dos oito postos no oito ideal benxamín, no que tamén estiveron CP Lucense, Santiago de Foz e RC Villalbés

O premio ao mellor xogador benxamín foi para Arón García, do CD Lugo. O dianteiro de Palas de Rei foi o máximo goleador do seu equipo e o pichichi ao anotar vinteito goles ao longa da temporada.

Os xogadores do conxunto albivermello coparon catro das oito prazas do equipo ideal da categoría. Ademais de Arón entraron no conxunto os defensas Iván Vila e Marco e o centrocampista Raúl. O oito completouse con Carlos, gardameta do Racing Villalbés, baixo os paus; Bruno do CP Lucense e Pedro, do Santiago de Foz, na liña de medio-campo; e o dianteiro do Burela Dani.

Hugo Vázquez, que devolveu ao CD Lugo ao trono provincial da categoría, recibiu o galardón de mellor adestrador.

Anaí Vázquez foi recoñecida como mellor colexiada da categoría nunha temporada en

28

GOLES DE ARÓN

O dianteiro do CD Lugo, elixido mellor xogador da categoría, foi tamén o máximo goleador da competición provincial benxamín ao sumar 28 dianas ao longa da temporada

que, ademais de asubiar en partidos de fútbol oito, protagonizou un fito na historia da arbitaxe feminina ao formar parte do primeiro trio feminino en dirixir un encontro de ligas superiores, xunto as súas compañeiras Tania Fente e Susana Gueimonde.

Por último, subiron ao escenario os integrantes do plantel do CD Lugo, que conquistou o título lucense cunha traxectoria inmaculada nas competicións domésticas nas que logrou un pleno de vitorias. Vinte triunfos que converteron aos albivermellos no único equipo invicto do fútbol provincial.



O oito ideal benxamín, o mellor adestrador, Hugo Vázquez e a mellor árbitro, Anaí Vázquez, posan cos seus galardóns

“A Gala estivo moi ben, foi moi entretida e emocionante. Gustoume moito o presentador. O mellor momento foi cando me deron o premio porque non o certo é que non o esperaba, os xogadores que foron elixidos no equipo ideal estaban moi igualados connigo. Dedicolles o premio aos meus país, á miña irmá e aos meus compañeiros e adestradores. Todos xuntos formamos un gran equipo!”

ARÓN GARCÍA CD Lugo A



Anaí Vázquez, mellor árbitro alevín da tempada 2018/19



Arón amosando o seu premio xunto a Miguel Fernández



O equipo benxamín do Lugo recibiu un recoñecemento colectivo como campión provincial



O porteiro chairego, Carlos



Bruno xunto a Villares



Hugo, mellor adestrador



O albivermello Iván



Dani e Miguel Fernández



Raúl, mediocentro do Lugo



Marco, do CD Lugo



Arón con Diego Villares



O mariño Pedro, do Foz

A gran temporada do Xove Lago, equipo revelación do fútbol base lucense tras alzarse co título provincial e chegar ás semifinais do Galego, viuse reflectida nos Premios Lider.

O equipo de Kiko Rey subiu ao escenario para recibir un recoñecemento colectivo como campión e lembrar a súa fazaña no campionato autonómico onde foi eliminado na quenda de penaltis sen perder ningún encontro.

Os premios ao conxunto xovense non quedaron aí. Jonathan, un dos buques insignia do equipo mariño, con 56 goles ao longo do curso, recibiu o premio ao mellor xogador da categoría.

O dianteiro xovense liderou un oito ideal no que tamén estiveron o seu compañeiro de equipo, Aleixo, determinante no treito final da temporada; Jano, Pablo Bargeiras e Mauro, do CD Lugo; Said Ali, da Piringalla; Jose Gayol, do Santiago de Foz, e Alexia, do Sagrado.

Asier Burundarena, do Santiago de Foz, que xa fora premiado como xogador, volveu á Gala como mellor adestrador da categoría.

Outro mariño, Pablo Polo, recibiu o premio ao mellor colexiado da categoría, continuando cunha saga que é referente da arbitrase na Mariña Lucense.

O Xove Lago copou os premios prebenxamín

O SEU DIANTEIRO JONATHAN foi elixido mellor xogador da categoría e todo o equipo recibiu o recoñecemento por ser campións provinciais 2019



Os xogadores do oito ideal xunto a Asier Burundarena, mellor adestrador, e Pablo Polo, mellor árbitro, acompañados de Simón Lamas e de Pablo Rivera

+100

GOLES NA TEMPORADA

O premiado, Jonathan, con 56 goles, e Carlos, con 58 tantos, formaron o tandem máis decisivo das competicións provinciais. A pegada foi unha das señas de identidade do equipo de Kiko Rey

“Hai moitos nenos que merecían o premio, como Aleixo, que acabou sendo revulsivo no final da tempada, e o meu amigo Carlos. Divertínme moito na Gala porque fun cos meus compañeiros e vin a moita xente que coñecía de xogar ao fútbol. Subir o escenario coas luces e os meus compañeiros animándome foi emocionante. Dedicolle o premio ao equipo, a Kiko e aos meus pais” JONATHAN Xove



Terio Carrera fala con Jose Gayol, do Santiago de Foz



Jonathan posa co seu galardón xunto a Simón Lamas



Jano, porteiro do CD Lugo



Alexia, do Sagrado Corazón



O premio ao mellor árbitro



O albivermello Pablo



Mauro e Pablo Rivera



O adestrador Asier Burunda



Jose Gayol co seu premio



Aleixo, do Xove Lago



Said, xogador da Piringalla



Foto de familia do equipo do Xove, campión provincial, con Pablo Rivera e Simón Lamas

Cruel desenlace final para o Calasancio na fase de ascenso

OS MONFORTINOS QUEDARON ÁS PORTAS DA LIGA GALEGA CADETE tras empatar ante un Ribadumia que fixo bo o dous a un da ida e que sempre levou a iniciativa no marcador na volta

O soño de volver á Liga Cadete quedou no camiño para o Calasancio. Os monfortinos non puideron darlle a volta ao 2-1 do partido de ida en Ribadumia, e perderon o tren do ascenso na última ronda.

O obxectivo estaba cerca para os de Carlos Fontal que confiaban no factor campo despois de xogar incómodos nas pequenas dimensións do campo do Ribadumia.

Sen embargo, o primeiro gol dos visitantes tras un penalti moi protestado nun man a man no que Dani lle sacou o balón ao dianteiro do Ribadumia acabaría marcando o desenlace do encontro. A acción sacou do partido aos monfortinos que se vían prexudicados por unha decisión arbitral e coa necesidade de marcar dous tantos para igualar a eliminatoria.

Con todo, Adrián apareceu na área para rematar un saque de esquina de Miguel empatando o

2-1

EN RIBADUMIA Os monfortinos chegaban ao encontro do Álex Blanco coa necesidade de darlle a volta ao 2-1 co que rematou o partido de ida

78'

GOL DE HUGO

O terceiro tanto do Calasancio, a dous minutos do final tempo regulamentario, chegou demasiado tarde para crer na remontada

encontro antes da media hora. Era o momento do Calasancio pero, só dous minutos despois, o segundo gol do Ribadumia, nun saque de banda lateral que meteron na área, volveu caer como un xerro de auga fría entre os monfortinos, que quedaron noqueados.

O paso polos vestiarios evitou o afundimento. Os



Arbitro: Ángel Pérez Rodríguez Campo: Álex Blanco -Os Escolapios (Monforte)

“Tocounos ver a cara amarga do fútbol. Gracias a este maravilloso grupo de rapaces. Estou seguro de que nos darán moitas alegrías nas próximas temporadas”

CARLOS FONTAL Calasancio

de Carlos Fontal saíron a esgotar as súas opcións cunha defensa de tres pero o 1-3 nunha contra deixaba a eliminatoria practicamente sentenciada para o Ribadumia. Gabrí, tras rematar un balón de Miguel, recurto

a distancia e Hugo, nunha falta, a dous minutos do final, igualaron o encontro pero o ascenso estaba aínda a dous goles e o Ribadumia celebrou o regreso á categoría de prata nas Instalacións Deportivas Álex Blanco.



Tagui a punto de controlar o balón ante un xogador rival



Dani Villa saíndo co balón controlado en medio campo



Nico e Gabrí tras asinar o empate a tres co que rematou o encontro nas Instalacións Deportivas Álex Blanco



Adrián encarando a un defensa do conxunto visitante



Miguel apenas ante a celebración do Ribadumia co pitido final

O Viveiro está a un paso do Gran Slam polo ascenso

QUINTA VITORIA CONSECUTIVA NA PROMOCIÓN onde os de Antonio Serrano non encaixaron ningún gol e chegan ao derradeiro encontro co factor campo a favor e unha renda de dous goles



Arbitro: Miguel Ferrol Muñiz Campo: Valiño - Cabo de Cruz (Boiro)

Un só partido, oitenta minutos e o Viveiro volverá ser equipo da Liga Galega infantil. Un reto a piques de cumprirse e co que os celestes volverán ao selecto club de ter aos tres equipos de base en categoría superior algo do que tan só pode presumir o Lugo en toda a Provincia.

Os de Antonio Serrano están ademais a piques de asinar a fase de ascenso perfecta. Nunca

antes un equipo lucense disputara unha promoción con números parecidos. O Viveiro gañou os cinco encontros disputados, marcou 19 goles e non encaixou aínda ningún.

Ante o Boiro, a ausencia de Teshome obrigou a Antonio Serrano a cambiar o debuxo táctico para afrontar o encontro máis complicado ata a data por parte do Viveiro nesta fase de ascenso.

Os celestes intentaron



O Viveiro segue deixando rivais polo chan ao seu paso nesta fase de ascenso á Liga Galega

ter o control do partido con Ayana no medio centro pero o Boiro levou por momentos o encontro ao seu terreo a base de fútbol directo. Con todo o capítulo das ocasións monopolizouno o Viveiro.

Lucas tivo a primeira, a segunda, e Martí, cun remate de cabeza, volveu rozar o cero a un antes do descanso.

Xa na segunda parte, Miranda atopou o camiño

do gol tras un centro de Lucas e, a partir de aí, o Viveiro foi moi superior.

Os de Antonio Serrano baixaron o balón e fixeron correr a un Boiro inofensivo en ataque ante a solvencia defensiva do Viveiro.

A guinda, aínda que se fixo de rogar en exceso, che-

“Por delante nos quedan tres entrenamientos y 80 minutos para alcanzar el sueño del ascenso a la Liga Galega infantil”


ANTONIO SERRANO Viveiro CF

19-0

GLOBAL ELIMINATORIAS

O Viveiro aínda non encaixou gol nos cinco encontros disputados nesta fase de ascenso na que os de Antonio Serrano asinaron 19 tantos

gou no último minuto co cero a dous tras un lanzamento de falta directa de Carlos, co que o Viveiro se achega ao seu Gran Slam celeste nesta fase de ascenso.



Arbitro: Pablo Polo Fernández Campo: A Marosa (Burela)



Ramiro medíndose cun rival pola banda na fase de ascenso

O Burela ten o venres unha cita coa historia

OS DE JAVI RUIZ ASINARÁN O ASCENSO de manter a renda de tres goles coa que viaxan a Riveira para medirse co Sálvora

O vindeiro venres a partir das 18:00 horas en Riveira, a SD Burela ten unha cita coa historia xa que pode dar o salto á Liga Galega infantil. Os de Javi Ruiz impuxéronse no partido de ida por seis goles a tres, unha renda que defenderán nos últimos oitenta minutos da tempada nos que o soño da máxima categoría do fútbol base infantil é cada vez máis real.

O Burela coñecía ben ao Sálvora e iso decantou o encontro co paso dos minutos. Certo é que os visitantes empezaron

“Os valores que transmite e inculca a SD Burela fixéronnos gañar este partido: compromiso, solidariedade e diversión” JAVI RUIZ Burela SD

mellor e ata tiveron unha ocasión moi clara que fallaron a porta baleira.

A misión era frear ás súas dúas principais ameazas, dous xogadores que desnivelan os partidos. Javi Ruiz volveu reforzar a zaga atrasando a Yago e, tralos primeiros dez minutos, o Burela asentouse e empezou a ser superior.

Fernando e Adrián volveron ser letais nun partido

que se lles puxo a pedir de boca con moitos espazos para ambos.

O un a cero foi obra de Fernando e o cero a dous de Adrián, xusto antes de que o Sálvora recortase distancia para chegar con vida á segunda parte.

Ata co tres a un, na segunda parte os visitantes seguían metidos no encontro xa que volveron recortar distancias, primeiro co tres

a dous e pouco despois co momentáneo catro a tres.

O cinco a tres asinou Adrián desde o punto de penalti pero o punta mariño aínda non dixerá a última palabra e puxo a guinda ao encontro e practicamente á eliminación co golazo do partido, e un dos da tempada, tras inventarse un disparo case desde o córner que se coou polo ángulo da portaría.

DEPUTACIÓN
DE LUGOA DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

BALÓN DE OURO

DAVID GUITIÁN

O EXTREMO SARRIAO tomou a remuda de Dani Vidal como mellor xogador do fútbol base lucense tras alzarse co Balón de Ouro 2019

Como foron os teus inicios no fútbol?

Empecei na Sarriana. Recordo que comecei a adestrar cando aínda non podía facelo, era prebenxamin e non había equipos nin competicións nesa categoría, así que adestraba cos benxamins. Estiven no club en benxamins e alevíns, e logo en infantil de primeiro ano fun para o Lugo.

Que recordas desa primeira etapa?

Foron anos moi bos, coincidímonos dúas boas xeneracións en Sarria. Da miña son Rodri e Cayuela, e a seguinte é a de Iago Fernández, Juan Carlos ou Diego Rey.

Como foi a chegada ao CD Lugo?

Recordo que estaba moi ilusionado, foi moi especial por que aínda era

pequeno. Sempre vias o CD Lugo como unha meta, como un sitio grande. O meu primeiro adestrador foi Diego Sánchez.

Supoño que foron moitas viaxes Sarria-Lugo e Lugo-Sarria.

Si, pero a verdade é que coincidiu nunha etapa boa. Viñamos varios xogadores de Sarria e as familias podían turnarse para levarnos. Máis tarde empezaron a poñernos un bus aos xogadores de Monforte e Sarria para vir aos adestramentos e aos partidos.

Xogaches sempre na mesma posición?

En fútbol 11 empecei a xogar de extremo esquerdo, ata a idade cadete, cando chegué Edu Rodríguez, que comezou a poñerme na dereita e incluso no medio.

Cal foi o adestrador que máis te marcou?

Todos me aportaron cousas moi boas tanto futbolisticamente coma no persoal. Cos que máis tempo estiven adestrando foron Edu Rodríguez e Álex Antón. Tamén Bruno me axudou moito a mellorar.

Algún partido que che quedara por gañar, algún título ou obxectivo que non acadaras?

Quizais este ano, que tiñamos un equipo moi bo. Empezamos coa ilusión de quedar segundos ou terceiros na División de Honra xuvenil e estivemos aí arriba rante boa parte da temporada. No treito final, por diversas tancias, fomos perdendo.

du-
da .

circuns-
posicións.
nese senti-
agridece.

Cando debu-

Xa xogara un par de partidos o ano pasado, na temporada 2017/2018, este ano xoguei moitísimos minutos. Nese sentido estou moi contento.

Seguiches compaxinando a División de Honra coa Liga Nacional. Hai moita diferenza de nivel?

Hai diferenzas en función do equipo contra o que xogues. Os primeiros da Liga Nacional e os máis frouxos de División de Honra poden resultar rivais igualmente esixentes pero, en xeral, si notas un cambio. O ritmo é maior na División de Honra.

Cal foi o partido máis especial da temporada?

Houbo varios, pero recordo de forma moi especial o encontro co Racing de Santander ali. Xogámonos a segunda praza e conseguimos gañar, 3-4. Foi un partido moi bonito. No persoal, din dúas ou tres asistencias.



Cal dirías que foi o mellor xogador co que coincidiches nun campo ao longo de todos estes anos?

Quizais o mellor co que xoguei foi Iker Losada, do RC Celta, co que coincidín na selección gallega.

Foi a túa primeira convocatoria?

Foi a primeira vez que xoguei un campionato, antes fora a algúns adestramentos.



Como te

As sensa-

moi boas. Unha ex-

Aportoume cousas moi positivas tanto futbolisti-

camente, por xogar con xogadores doutros equi-

pos, como persoalmente, porque tiñamos un am-

biente moi bo.

Onde non foi a túa primeira vez foi nunha Gala de Premios Lider.

Non, foi a cuarta. Outros anos estivera nos me-

llores onces. Pero nunca gañara nin sequera un

premio ao mellor xogador da categoría.

Esperabas o Balón de Ouro?

Non, para nada. De feito foi unha sorpresa ser xa

elexido mellor xogador de División de Honra e Liga

Nacional.

Dirías que foi o teu mellor ano?

Si, sempre hai marxe de mellora, pero quizais foi o

mellor ano desde que xogo ao fútbol.

Como viviches o momento?

Con sorpresa porque, como decía, non o esperaba,

e tamén con moito orgullo. En xuvenil sempre é

difícil destacar, estou moi agradecido.

Decías que sempre hai marxe de mellora, en que aspectos?

Ser máis regular, teño partidos moi bos, outros

regulares, incluso malos. Gañar físico, que sempre

me custou. Mellorar a perna mala. Hai moitas cou-

sas nas que podo seguir mellorando.

Tes algún xogador como referente?

Non, ao final sempre te fixas nos que están ben.

Do Lugo, gústame moito a temporada que fixeron

Cristian Herrera ou Lazo.

Cal é a túa meta como futbolista?

Ser xogador profesional. Xa non digo de Primeira

División, senón de Segunda ou Segunda B. Poder

vivir do fútbol polo menos durante uns anos.

Se tiveses que dar ti un Balón de Ouro, a quen llo darías?

Calquera dos xogadores do once poderíamos levar

o premio, especialmente os meus compañeiros de

equipo. Álex Ramos, Martín e Dani Vidal fixeron

moi boa temporada.

As últimas liñas son para que dediques o premio.

Dedicollo á miña familia, aos meus amigos e a to-

dos os meus compañeiros de equipo e adestrado-

res. Todos teñen parte nel.

sentiches?

As sensa-

cións foron

inesquecible.

Aportoume cousas moi positivas tanto futbolisti-

camente, por xogar con xogadores doutros equi-

pos, como persoalmente, porque tiñamos un am-

biente moi bo.

Onde non foi a túa primeira vez foi nunha Gala de Premios Lider.

Non, foi a cuarta. Outros anos estivera nos me-

llores onces. Pero nunca gañara nin sequera un

premio ao mellor xogador da categoría.

Esperabas o Balón de Ouro?

Non, para nada. De feito foi unha sorpresa ser xa

elexido mellor xogador de División de Honra e Liga

Nacional.

Dirías que foi o teu mellor ano?

Si, sempre hai marxe de mellora, pero quizais foi o

mellor ano desde que xogo ao fútbol.

Como viviches o momento?

Con sorpresa porque, como decía, non o esperaba,

e tamén con moito orgullo. En xuvenil sempre é

difícil destacar, estou moi agradecido.

Decías que sempre hai marxe de mellora, en que aspectos?

Ser máis regular, teño partidos moi bos, outros

regulares, incluso malos. Gañar físico, que sempre

me custou. Mellorar a perna mala. Hai moitas cou-

sas nas que podo seguir mellorando.

Tes algún xogador como referente?

Non, ao final sempre te fixas nos que están ben.

Do Lugo, gústame moito a temporada que fixeron

Cristian Herrera ou Lazo.

Cal é a túa meta como futbolista?

Ser xogador profesional. Xa non digo de Primeira

División, senón de Segunda ou Segunda B. Poder

vivir do fútbol polo menos durante uns anos.

Se tiveses que dar ti un Balón de Ouro, a quen llo darías?

Calquera dos xogadores do once poderíamos levar

o premio, especialmente os meus compañeiros de

equipo. Álex Ramos, Martín e Dani Vidal fixeron

moi boa temporada.

As últimas liñas son para que dediques o premio.

Dedicollo á miña familia, aos meus amigos e a to-

dos os meus compañeiros de equipo e adestrado-

res. Todos teñen parte nel.

DEPUTACIÓN
DE LUGOA DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE